

socialistas de AMES

**PSG^{DE}
PSOE**

**Coordinador/a de campaña
do Partido Popular de Ames**

Estimado amigo:
Estimada amiga:

Como ben sabes atopámonos xa inmersos na precampaña electoral das eleccións municipais, faltan non díá de hoxe corenta díás para a celebración duns comicios que serán transcentrais para os veciños e veciñas de Ames, dada a situación política e económica pola que estamos a atravesar.

Este ultimo mandato no noso concello foi bastante convulso e excepcional, xa que ao longo dos catro anos se produciron diversas situacións que alteraron radicalmente o panorama político saído e votado pola ciudadanía de Ames no 2011, e polo tanto, **consideramos oportuno e necesario que se produza un debate público e aberto á ciudadanía de Ames.**

Desde o PSdeG-PSOE de Ames temos claro que debemos de impulsar a celebración de todos os debates posibles, e mantemos a nosa disposición e invitación ao diálogo co Partido Popular de Ames para que estes se poidan realizar. Cremos que a ciudadanía de Ames ten dereito a coñecer as nosas propostas electorais e a poder confrontalos; e, os socialistas temos claro que a nosa obriga é poder darlle resposta a ese dereito dos veciños e veciñas de Ames.

A nosa proposta inicial é a de realizar algúun debate público entre o candidato do PSdeG-PSOE de Ames e o do Partido Popular, por ser ambos partidos os únicos que contan con Grupos municipais propios na corporación amesá, e que se poida debater e falar sobre o mandato municipal que conclúe, facer balance do mesmo e poder comparar proxectos e propostas de ambas formaciós.

Por todo isto, **esperamos resposta pola súa parte e poder marcar unha data para celebrar unha xuntanza na que fixemos as bases para poder realizar o debate.** Estamos nun momento no que os partidos políticos debemos de ser abertos e transparentes, ademais de fomentar a participación dos veciños e veciñas, polo que esperamos que esta proposta sexa recollida con agrado dentro das súas filas e podamos iniciar unha maneira distinta de facer política.

Ames, 15 de abril de 2015

**Isabel González Cancela
Coordinadora de campaña**

Poden contactar con nós no mail executiva@socialistasdeames.com ou no teléfono 606 642 784



**Executiva Local
Rúa Agrelo, nº 10-Ofic. 13
Bertamiráns**

executiva@socialistasdeames.com